



**RESOLUCIÓN DO 15 DE XANEIRO DE 2020 DO XEFE DO SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS EN PONTEVEDRA POLA QUE SE SINALA A DATA PARA O PAGO DE DEPÓSITOS PREVIOS E A FORMALIZACIÓN DAS ACTAS DE OCUPACIÓN DA OBRA PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DO ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA PO-307, TREITO DEIRO-PONTE DA ILLA DE AROUSA (PUNTO QUILOMÉTRICO 0+000-1+650) DE CLAVE PO/16/101.06 NO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA**

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957 e ao abeiro das competencias delegadas por Orde do 7 de setembro de 2017 (DOG núm. 179 do 20.9.2017), este servizo procederá a executar o pagamento dos depósitos previos mediante transferencia bancaria ás persoas propietarias cuxa relación figura exposta no taboleiro de anuncios do concello.

No caso de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, cos códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos conforme o disposto no artigo 51 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa convócanse ás persoas propietarias ao acto de formalización das actas de ocupación no lugar, día e hora seguintes:

Lugar: Casa da Cultura de San Miguel de Deiro (Vilanova de Arousa)

Data: 3 de Marzo de 2020

Hora: Dende as 10:00 ás 12:00 horas

A relación de titulares estarán expostos no concello de Vilanova de Arousa, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Avda. M<sup>a</sup> Victoria Moreno, nº 43-1<sup>o</sup>, 36003 Pontevedra, e publicarase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

[https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?p\\_p\\_id=ipecos\\_opencms\\_portlet\\_INSTANCE\\_Ps5C&p\\_p\\_lifecycle=0&p\\_p\\_state=normal&p\\_p\\_col\\_id=column-1&p\\_p\\_col\\_count=1&ipecos\\_opencms\\_portlet\\_INSTANCE\\_Ps5C\\_content=%2Fopencms%2FPortal-Web%2FContidos%2FAviso%2FAviso\\_0151.html](https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_Ps5C&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-1&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_Ps5C_content=%2Fopencms%2FPortal-Web%2FContidos%2FAviso%2FAviso_0151.html)

No mesmo acto ofertaranse ás persoas propietarias as valoracións establecidas pola administración para cada unha das fincas en concepto de mutuo acordo.

O que se fai público, para xeral coñecemento, advertindo as persoas interesadas que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Avda. M<sup>a</sup> Victoria Moreno, 43-1<sup>o</sup>  
36003 Pontevedra

Teléf.: 886 206 500 (Centralita) Fax 886 206 505  
Teléf.: 886 206 501/986 805 096 (Sancións/danos)  
Teléf.: 886 206 507/508 (Expropiacións)  
Teléf.: 886 206 504/986 805 657 (Licenzas)  
Servizo de Pontevedra  
E-mail: sp.axi.pontevedra@xunta.gal



medio de poder debidamente autorizado, xa sexa xeral ou particular para este caso. En caso de figurar o terreo a nome de herdeiros, deberán achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión.

O xefe do servizo

Manuel A. González Juanatey

(Documento asinado dixitalmente)

